

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 10 de xullo de 2006

### SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D. José Manuel Couto Pérez  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

### NON ASISTEN:

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dez de xullo de dous mil seis e baixo a presidencia do primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario a concelleiro, Sr. López-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(906).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 15 de maio de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(907).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 04/1443, 02/611, 01/1662.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Catalina Martínez Soa. Expte. 04/1443.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Alda Moreira Perdiz. Expte. 02/611.

- D<sup>a</sup>. Elisa Villar Abalde. Expte. 01/1662.

**3(908).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 03/1396, 03/1286.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Carmen Sánchez Diéguez. Expte. 03/1286.
- D<sup>a</sup>. Emilia Rodríguez Diéguez. Expte. 03/1396.

**4(909).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE XUÑO DE 2006. EXPTE. 1974/335.**

Mediante providencia do concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, do 5.07.06, en cumprimento do establecido na base 31<sup>a</sup> das de execución do presuposto, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de xuño de 2006, e que son os seguintes:

EXPTE. 1932-335. CONTRATACIÓN SERVIZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA OS CONCERTOS DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 21-06-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 27933

ADXUDICATARIO: RAMÓN MARTÍNEZ BOUZON

IMPORTE: 3.340,80€

EXPTE. 1934-335. CONTRATACIÓN DO MATERIAL GRÁFICO XERAL DIFUSIÓN FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 14-06-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 28012

ADXUDICATARIO: CANAL UNO DE COMUNICACIÓN, S.L.

IMPORTE: 11.997,88€

EXPTE. 1952-335. CONTRATACIÓN SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN E PEGADA DA CARTELERÍA DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 30-06-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 30482

ADXUDICATARIO: MARÍA MONTSERRAT CAMPOS TRIÑANES

IMPORTE: 4.176,00€

EXPTE. 1916-335. CONTRATACIÓN MATERIAL GRÁFICO PARA A BATALLA DE FLORES.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 5-06-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 25399  
ADXUDICATARIO: CANAL UNO DE COMUNICACIÓN, S.L.  
IMPORTE: 5.468,24€

EXPTE. 1938-335. CONTRATACIÓN SERVIZO DE MEGAFONIA FIN DE CURSO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 21-06-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 28227  
ADXUDICATARIO: SONORIZACIONES COLLAZO  
IMPORTE: 580,00€

EXPTE. 1950-335. CONTRATACIÓN SERVIZOS PREVENTIVOS CRUZ VERMELLA PARA CONCERTOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 27-06-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 30069  
ADXUDICATARIO: CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA DE VIGO  
IMPORTE: 4.200,00€

EXPTE. 1947-335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TECNICA ARTISTA "EL SUEÑO DE MORFEO".  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 22-06-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 29769  
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTION CULTURAL , S.L.  
IMPORTE: 12.000,00€

EXPTE. 1946-335. CONTRATACIÓN DO MATERIAL GRAFICO DAS FESTAS GASTRONOMICAS.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 26-06-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 29908  
ADXUDICATARIO: GRÁFICAS EZPONDA  
IMPORTE: 2.028,90€

EXPTE. 1944-335. CONTRATACIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PROGRAMA INFANTIL V3 VIGO, VERÁN E VALORES.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 23-06-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 29499  
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.  
IMPORTE: 3.663,28€

EXPTE. 1928-335. CONTRATACIÓN ACTIVIDADES ESCOLA DE CIRCO E GARABATO DO XOGO DO PROGRAMA INFANTIL V3.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 8-06-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 27829  
ADXUDICATARIO: CREACIONES LEAL, S.L.  
IMPORTE: 6.090,00€

EXPTE. 1929-335. CONTRATACIÓN ACTIVIDADES POMPAS DE XABON E ANIMANOS E GLOBOS DO PROGRAMA INFANTIL V3.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 7-06-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 27824

ADXUDICATARIO: PEDRO VAZQUEZ TABOADA  
IMPORTE: 4.808,20€

EXPTE. 1930-335. CONTRATACION DAS ACTIVIDADES TARDE NANOS E XARDIN ECOLOXICO DO PROGRAMA INFANTIL V3.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 7-06-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 27825

ADXUDICATARIO: FUNDACIÓN IGUALARTE

IMPORTE: 4.500,00€

EXPTE. 1927-335. CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES MAXIA E UNHA DE PIRATAS DO PROGRAMA INFANTIL V3.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 7-06-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 27822

ADXUDICATARIO: TROULA ANIMACIÓN, S.L.

IMPORTE: 2.064,80€

EXPTE. 1917-335. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MONTAXE E DESMONTAXE ESTRUCTURAS BATALLA DE FLORES.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 9-06-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 25542

ADXUDICATARIO: UBIAGRANDAL, S.L.

IMPORTE: 2.572,88€

EXPTE. 1918-335. CONTRATACIÓN DA ACTUACION DE 3 CHARANGAS BATALLA DE FLORES.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 9-06-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 25541

ADXUDICATARIO: FEDERACIÓN DE BANDAS DE MUSICA POPULARES DE VIGO.

IMPORTE: 1.500,00€

EXPTE. 1920-335. CONTRATACIÓN DO GABINETE DE PRENSA PARA AS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2006.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 9-06-06

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 26221

ADXUDICATARIO: FRANCISCO JOSE GARCIA FREIRE

IMPORTE: 4.640,00€

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**5(910).- DAR CONTA DA SELECCIÓN DOS 15 BENEFICIARIOS/AS TITULARES E 15 SUPLENTES DO ITINERARIO DE INSERCIÓN LABORAL DE “AXUDANTE DE COCIÑA EN CENTROS ESCOLARES E SOCIOSANITARIOS” DO PROXECTO ACTÍVATE. EXPTE. 3830/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento, do 4.07.06, conformado pola concelleira de Promoción económica e Desenvolvemento local, que di o seguinte:

O Proxecto ACTÍVATE (expte. 3246/077) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 11/07/05, é unha iniciativa posta en marcha pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que conta cunha axuda económica no marco da Subvención Global do Fondo Social Europeo e que pretende elaborar e implementar itinerarios de inserción laboral para a capacitación e especialización de persoas desempregadas no sector de atención a persoas e tamén de demandantes de emprego con especiais dificultades para a súa inserción no mercado de traballo, pola súa pertenza a colectivos en situación ou en risco de exclusión social. Estes obxectivos materialízanse nos itinerarios de condutor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar, auxiliar de axuda a domicilio, axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios, experto/a en limpeza, experto/a en lencería, lavandería e pasado de ferro (“planchado”) e teleoperador/a, para un total de 90 persoas beneficiarias.

A unidade xestora do proxecto (Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego) elaborou as Bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Actívate que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de marzo de 2006 (exp. 3659/077). Nestas bases establecéronse as fases das que consta o procedemento de selección (achégase copia).

Unha vez resoltas as anteditas fases para o Itinerario de inserción laboral de “Axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios” dende a convocatoria pública ata a selección definitiva, foron aprobadas, a proposta do equipo técnico do Proxecto Actívate, pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, as seguintes listaxes definitivas de titulares e suplentes:

**BENEFICIARIOS/AS TITULARES DO ITINERARIO DE “AXUDANTE DE COCIÑA EN CENTROS ESCOLARES E SOCIOSANITARIOS”**

	APELIDOS E NOME	DNI
1	BORJA GABARREZ, MARÍA REYES	53192544-F
2	LORENZO LORENZO, MARÍA DEL CARMEN	36035750-V
3	RODRÍGUEZ DÍAZ, MARÍA JUANA	44494350-E
4	CORDEIRO FERNÁNDEZ, ANA BELÉN	53187706-E
5	BILBAO RUÍZ DE AUSTRI, OLATZ	36087069-T
6	FUENTES LOSADA, MARÍA JOSÉ	35447182-L
7	SERNA VARELA, MÓNICA	X4222675-J
8	ARIAS HERNÁNDEZ, RUBI ESTER	X5405420-Y
9	MOUCO DOVALO, MARÍA LUZ	36108869-L
10	ÁLVAREZ ORBE, ANA ROSA	36034153-F
11	HERNÁNDEZ TERÁN, YUDT EMILIA	53190192-R
12	BANDE CORTÉS, MARÍA REMEDIOS	36034268-F
13	EL ORFI EP ELORFI, OUAFA	X2983835-E
14	ESCURDERO RODRÍGUEZ, SARA	16274825-W
15	HERNANDEZ, ELIZABETH	X5876523-T

**SUPLENTES DO ITINERARIO DE AXUDANTE DE COCIÑA EN CENTROS ESCOLARES E SOCIOSANITARIOS”**

	APELIDOS E NOME	DNI

1	RODRÍGUEZ VILLAR, TAREIXA	53187629-Z
2	REY VILLAR, PATRICIA	36149179-X
3	OTERO PEÑA, MARÍA RITA	36027428-K
4	PORTELA MARÍN, MARÍA CARMEN	36023766-Q
	APELIDOS E NOME	DNI
5	VAZQUEZ CABALEIRO, ANGELES	36099407-X
6	LOPEZ JIMENEZ, IRENE	53195309-N
7	AUTRÁN MAGARIÑOS, SONIA	78798470-X
8	PEREIRA GARRIDO, XOAÑA MERCEDES	36126448-A
9	PÉREZ RODRÍGUEZ, MARIA JOSEFA	36003528-H
10	MARTÍNEZ VELOSO, CRISTINA	35986815-A
11	PORTO DOMINGUEZ, MARÍA SUSANA	36105938-D
12	BOUZA MARTÍNEZ, MILAGROS	36098994-B
13	OTERO GONZÁLEZ, CANDELARIA	36160839-D
14	GALLEGO RUANO, LUZ JENNY	X4936984-B
15	DOMINGUEZ OTERO, MARGARITA	36030510-K

O que se comunica á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **6(911).-DAR CONTA DA SELECCIÓN DOS 15 NOVOS/AS SUPLENTES DO ITINERARIO DE “EXPERTO/A EN LIMPEZA” DO PROXECTO ACTÍVATE. EXPTE. 3831/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento, do 4.07.06, conformado pola concelleira de Promoción económica e Desenvolvemento local, que di o seguinte:

*O Proxecto ACTÍVATE (expte. 3246/077) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 11/07/05, é unha iniciativa posta en marcha pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que conta cunha axuda económica no marco da Subvención Global do Fondo Social Europeo e que pretende elaborar e implementar itinerarios de inserción laboral para a capacitación e especialización de persoas desempregadas no sector de atención a persoas e tamén de demandantes de emprego con especiais dificultades para a súa inserción no mercado de traballo, pola súa pertenza a colectivos en situación ou en risco de exclusión social. Estes obxectivos materialízanse nos itinerarios de condutor/a-monitor/a de transporte adaptado e escolar, auxiliar de axuda a domicilio, axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios, experto/a en limpeza, experto/a en lencería, lavandería e pasado de ferro (“planchado”) e teleoperador/a, para un total de 90 persoas beneficiarias.*

*A unidade xestora do proxecto (Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego) elaborou as Bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Actívate que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de marzo de 2006 (exp. 3659/077). Seguindo co procedemento establecido nas bases fóronse desenvolvendo as diferentes fases do proceso de selección (...solicitudes-preselección por requisitos imprescindibles-baremación-entrevista...) (achégase copia).*

Unha vez resoltas as anteditas fases para o Itinerario de inserción laboral de “Experto/a en limpeza” dende a convocatoria pública ata a selección definitiva, foron aprobadas, a proposta do equipo técnico do Proxecto Actívate, pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, as listaxes definitivas de titulares e suplentes das que se deu conta á Xunta de Goberno Local.

Non obstante, unha vez iniciado o itinerario de Experto/a en Limpeza, foron producíndose baixas por diversos motivos: renuncias, incomparecencias... o que propiciou o esgotamento tanto da listaxe orixinal como a de suplentes. É máis, determinou unha vacante no grupo de 15 alumnos/as polo que se considerou necesaria a súa urxente cobertura.

Segundo o punto 8 das citadas bases, SELECCIÓN DEFINITIVA, non se prevé situacións máis alá dunha primeira e única listaxe de suplentes, polo que o equipo técnico do Proxecto Actívate atendendo ao máximo aproveitamento das oportunidades que para os/as desempregados/as poidan xurdir do Proxecto Actívate, reúnese en sesión do 27 de xuño de 2006 (achégase copia da acta) aproba e elabora unha segunda listaxe de suplentes para poder facer fronte á cobertura da vacante existente, así como das futuras baixas que se produzan neste itinerario dentro do período no que todavía se poidan substituír aos/ás alumnos/as.

O procedemento utilizado foi o de seleccionar para esta listaxe as 15 persoas que superada a fase de baremación e sumados os puntos da entrevista para o itinerario de inserción laboral de “Experto/a en Limpeza”, obtivesen as puntuacións co número de orde do 31 ao 45.

Polo tanto, a relación dos/as 15 novos/as suplentes para o citado itinerario queda como segue:

SUPLENTES (2ª listaxe) DO ITINERARIO DE EXPERTO/A EN LIMPEZA

	APELIDOS E NOME	DNI
31	LOUREIRO GESTEIRO, TARSILA	53.171.007-K
32	MACEIRA SÁNCHEZ, MARÍA DEL PILAR	36.059.993-H
33	VILAS AGUILERA, MARÍA TERESA	36.112.919-K
34	DOMÍNGUEZ LÓPEZ, YOLANDA	36.135.444-Y
35	RUBÍN NOGUEIRA, MARÍA CONCEPCIÓN	35.298.574-Z
36	STETSON VIZCAINO, ALICIA GRACIELA	53.180.721-Y
37	PÉREZ ALONSO, JULIO CESAR	36.087.269-Q
38	QUINTELA PÉREZ, PABLO	36.086.914-Y
39	RUANO FERNÁNDEZ, FERNANDO	36.115.913-W
40	GATO PAZO, MANUEL	36.151.848-B
41	RIOS MOURE, JOSE LUIS	36.133.500-V
42	NUÑEZ RIOBÓ, IGNACIO MANUEL	36.056.555-F
43	RIAL RODRÍGUEZ, JUAN	36.069.953-L
44	TRONCOSO MARTÍNEZ, ELVIRA	36.120.819-D
45	BARRERAS HERMO, PILAR	36.065.177-G

O que se comunica á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**7(912).- PROMOCIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE) DO PROXECTO EMPRESARIAL “AYASO VIGO Y ASOCIADOS, S.L.” PARA A SÚA PRESENTACIÓN ANTE A CONSELLERÍA DE TRABALLO. EXPTE. 3844/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica local de Emprego, conformado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego e a concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “AYASO VIGO Y ASOCIADOS, S.L.” (que terá por obxecto a realización das seguintes actividades: axencia de conferenciantes, secretaría de sociedades e asociacións, organización integral de eventos e gabinete de prensa), sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio por parte das Técnicas Locais de Emprego (TLE) do Servicio de Asesoramento a emprendedores SAE do Concello de Vigo, na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como para levar a cabo todo-los trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e axuda na posterior solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellería de Traballo.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais a creación de empresas as que no seu caso opte.

**8(913).- NORMAS BÁSICAS NA TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES. EXPTE. 2527/113.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Informática e Comunicacions, do 13.06.06, conformado pola concelleira delegada e Informática, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as seguintes normas que se aplicaran á tramitación de tódalas solicitudes presentadas no Rexistro Xeral, tanto de forma presencial como a través de Internet, e teñen como obxectivo a mellora da propia xestión interna e permitir o seguimento dos cidadáns da tramitación das mesmas.

Tamén son de aplicación ós expedientes iniciados internamente polos funcionarios municipais no desempeño das súas funcións.

**NORMAS BÁSICAS NA TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES**

1.- Tódolos documentos presentados polos cidadáns no Rexistro Xeral ou no Rexistro Telemático do Concello de Vigo, que unha vez no servizo que os vai a xestionar dean lugar a algún tipo de actuación, serán tramitados como expedientes mediante a Aplicación de Xestión de Expedientes.



2.- O primeiro paso neste proceso é identificar correctamente o TIPO DE EXPEDIENTE, que marcará a forma de tramitar as solicitudes, e leva ou levará implícito unha guía de tramitación que facilita e normaliza a forma de tramitar os expedientes dun mesmo tipo. Cando o tipo de expediente non estea definido, solicitarase o servizo de Informática a súa creación, acompañando información da tramitación e da documentación que debe acompañar a solicitude.

3.- Naqueles tipos de expedientes dos que existe unha guía de tramitación, deberá seguirse a mesma sempre que sexa posible. Nos casos de que a guía non se adapte a realidade da tramitación, deberá poñerse en coñecemento do servizo de Informática para un novo estudo e adaptación da mesma.

4.- Tendo en conta o seguimento que os cidadán poden facer a través da Administración Electrónica, das solicitudes presentadas ó Concello, hai que informar no expediente dos trámites que se realizan ca súa solicitude. Si o tipo de expediente que estamos tramitando non ten definida unha guía de tramitación, deberanse utilizar os seguintes trámites, según corresponda, para informar o cidadán :

<i>CÓDIGO TRÁMITE</i>	<i>DESCRICIÓN</i>
APO	Solicitude aprobada
DNG	Solicitude denegada
LIC	Licencia concedida
LID	Licencia denegada
PII	Pendente informe inspectores
PIT	Pendente de informe técnico
ITF	Informe Técnico favorable
ITD	Informe Técnico desfavorable
RIP	Expediente rematado

No campo observacións do trámite indicárase calquera comentario que queiramos que coñeza o cidadán.

5.- No caso de que o solicitante teña comunicado o seu correo electrónico, cando se resolva positiva ou negativamente a súa solicitude, ou en calquera momento da tramitación que consideremos importante, farase un trámite para enviarlle un correo electrónico (trámite CRO do grupo de trámites administrativos), comunicándolle a resolución, ou a actuación realizada.

6.- Controlaranse os prazos de tramitación dos expedientes. Para que este control de prazos funcione correctamente, é necesario que cando se recibe o expediente fisicamente, o primeiro paso que hai que dar é recibilo informaticamente, dándolle o “recibí” na Aplicación de Expedientes. Faranse controles periódicos dos expedientes enviados por un servizo e sen ser recibidos polo destinatario, e dos expedientes que en función do tipo de expediente e do trámite, superen os prazos previstos de tramitación.

7.- Para evitar que sigan tramitándose de forma incorrecta os expedientes, incrementaranse os controles na tramitación, de forma que:

- Restrinxiranse os trámites que se poidan realizar sobre documentos nos que aínda non se creou expediente.
- Non se permitirá que expedientes tipo XERAL ou VARIOS, poidan enviarse a tramitar a outros servicios distintos do que os creou.
- É obrigatorio que os trámites tipo informe, leven anexado o informe correspondente. Terase especial coidado en que o informe anexado correspóndase co que figura en papel e firmado.
- Os servicios xerais polos que normalmente pasan os expedientes administrativos que implican un gasto (Intervención), unha resolución (Secretaría Xeral), ou unha tramitación posterior (Contratación, outros servicios), devolverán os servicios emisores os expedientes mal tramitados (tipo de expediente incorrecto, informes en papel e non anexados os trámites).
- Tódolos informes realizados para un expediente, serán reflectidos na Aplicación de Expedientes por quen realiza o informe, polo tanto, non serán emitidos informes que non poidan cumprir esta condición (Petición de informe sen enviar o expediente ou sen autorización para tramitalo).

Todas estas normas son de obrigado cumprimento na tramitación de expedientes, e influirán na mellora da Xestión Interna, e por extensión na imaxe do Concello para os cidadáns, o proporcionar unha información en tempo real do proceso administrativo de tramitación das súas solicitudes.

**9(914).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA ECONÓMICA A D. FRANCISCO LUIS GONZÁLEZ PARA CONTRIBUIR COS CUSTOS DO SERVIZO DE EUROTAXI. EXPTE. 72207/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes do 28.04.06, conformado pola concelleira-delegada de Benestar Social, o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a concesión dunha axuda económica por importe de 2.404 € ao titular da licenza de eurotaxi, licenza nº 307, D. Francisco Luis González, con D.N.I. 34.720.508-F, para contribuir aos maiores custos do citado servizo, con cargo ao vixente orzamento, partida nº 31304700000, da área de Benestar Social por un importe de 1.502.5 € e a partida nº 22204700000, da área de Mobilidade e Seguridade, por un importe de 901.5 €.

**10(915).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA ECONÓMICA A D. JOSÉ VALEIJE CARPINTERO PARA CONTRIBUIR COS CUSTOS DO SERVIZO DE EUROTAXI. EXPTE. 72206/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes do 28.04.06, conformado pola concelleira-delegada de Benestar Social, o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a concesión dunha axuda económica por importe de 2.404 EUROS, ao titular da licenza de eurotaxi, licenza nº 128, D. José Valeije Carpintero, con D.N.I. 34.620.123-V, para contribuir aos maiores custos do citado servizo, con cargo ao vixente orzamento, partida nº 31304700000, da área de Benestar Social por un importe de 1.502.5 € e a partida nº 22204700000, da área de Mobilidade e Seguridade, por un importe de 901.5 €.

**11(916).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 4.07.06, conformados polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

a) CONSTRUCCIONES VIDAL Y ALONSO VIGO S.L. EXPTE. 72403/210.

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 6 de outubro de 2005 pola empresa CONSTRUCCIONES VIDAL Y ALONSO VIGO, S.L, con CIF B-36887420 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa CANTABRIA, 82, por non producirse danos.

b) INVERSIONES TANAGUARENA. EXPTE. 72404/210.

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 14 de decembro de 2004 pola empresa INVERSIONES TANAGUARENA, S.A, con CIF A-36811610 por un importe de 1.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa ARZOBISPO XELMIREZ, 41, por non producirse danos.

c) PROMOCIONES URBANAS LAXAS S.L. EXPTE. 72406/210.

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 26 de maio de 2005 pola empresa PROMOCIONES URBANAS LAXAS, S.L, con CIF B-36886083 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa MÉXICO, 35, por non producirse danos.

d) PROMOCIONES ALGARAL CB. EXPTE. 72410/210.

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 4 de novembro de 2005 pola empresa PROMOCIONES ALGARAL, C.B, con CIF E-36924801 por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa TRONCOSO, 12, por non producirse danos.

**12(917).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL E DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 3339/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 28.06.06, conformado polo concelleiro da Área de Patrimonio Histórico e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 74.172 euros/ano para a contratación da asistencia técnica de colaboración na xestión do Centro de Artesanía Tradicional e da Casa do Cesteiro que se imputarán á partida presupuestaria 4531.227.06.01 e 4531.226.09.01 do vixente presuposto e anos seguintes.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) do 26.06.06, e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica de colaboración na xestión do Centro de Artesanía Tradicional e da Casa do Cesteiro, do 10.04.06.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**13(918).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A CREACIÓN, COORDINACIÓN E XESTIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INTERPRETACIÓN E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DE VIGO. EXPTE. 3399/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 9.06.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Área de Patrimonio Histórico e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 21.030 euros para a prestación da asistencia técnica para a creación, coordinación e xestión do programa municipal de interpretación e divulgación do patrimonio arqueolóxico de Vigo que se imputarán á partida presupuestaria 4531.227.06.00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación da asistencia técnicas polo Excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica para a creación, coordinación e xestión do programa municipal de interpretación e divulgación do patrimonio arqueolóxico de Vigo.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**14(919).- RECLAMACIÓN DE D. ALBERTO VIEJO PUGA (PATATAS RUBIO S.L.) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 556/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC S.A.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 28.06.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*D. Alberto Viejo Puga presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de Patatas Rubio, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 8 de abril de 2005, no que expón que o día 6 de setembro de 2004 o vehículo de propiedade da empresa representada, matrícula 8238-BGL, circulaba pola rúa Coruña e provocáronse danos materiais na parte inferior do mesmo ó pasar por encima de dous sumidoiro que se atopaban sen tapa.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do Parque Móbil, de 25/04/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 04/00748 de Talleres Eduardo Castiñeira, presentada polo reclamante, por un importe de 3.850,03 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Parte de servizo da Policía Local, de data 06/09/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, D. Miguel Conde Casal, conductor do vehículo de Patatas Rubio, S.L., relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban os danos no vehículo accidentado e sinalan que o mesmo tivo de ser trasladado en guindastre, indicando que as tapas dos sumidoiros atopábanse fóra de lugar debido ás abundantes chuvias caídas.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 31/10/2005.*
- Práctica de proba testifical, en data 20/12/2005, ás testemuñas propostas polo reclamante, que confirman os extremos alegados no escrito de reclamación.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións con data 28/02/2006.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 31/01/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido á existencia dunha arqueta desprazada da súa ubicación orixinal, tal e como se establece no Parte do servizo da Policía Local e corroboran as testemuñas presenciais dos feitos.

A empresa Aqualia manifesta, en escrito de data 16 de xuño, que “en relación con los hechos que nos ocupan, se ha podido comprobar que los anegamientos y levantamiento de tapas de saneamiento que se produjeron en algunas calles, se derivaron de las fuertes e intensas lluvias registradas durante las fechas referidas en nuestra ciudad. A raíz de estas lluvias, los colectores entraron en carga expulsando el sobrante del agua para el que fueron proyectados, originándose así la inundación de la calle y el levantamiento de algunas tapas de saneamiento, a causa de la fuerte presión ejercida por el agua. ....Se concluye que el posible problema que afecta a los colectores de la calle Coruña, no se debe a un defecto de conservación, mantenimiento o funcionamiento de las redes de desagüe, sino a una falta notable de capacidad para la absorción de un elevado caudal circulante, haciéndose notar el problema únicamente en los días en los que las lluvias resultan excepcionalmente abundantes. Una vez que las citadas lluvias cesaron, el alcantarillado comenzó a desaguar correctamente, evidencia inequívoca de su buen funcionamiento”. No entanto, non

acheга proba ningunha que demostre a realidade destas afirmacións. Aínda que a carga da proba destes datos correspondería a empresa Aqualia, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse ó Centro Meteorolóxico Territorial en Galicia do Ministerio de Medio Ambiente e solicitoulle un informe sobre as precipitacións caídas na cidade de Vigo o día de autos, resultando que, o accidente ocorreu sobre as 20.00 horas, segundo consta no parte da Policía Local, e no intervalo entre as 18 e as 24 horas as precipitacións foron só de 0,1 l/m<sup>2</sup>, sendo o total das precipitacións caídas nese día na cidade de Vigo de 34,9 l/m<sup>2</sup>, o que nunha comunidade como Galicia, na que son frecuentes as chuvias, non parece un valor demasiado elevado que xustifique que os colectores entrasen en carga polo exceso de auga. E se ben o día 6 de setembro de 2004 houbo un momento no que caeron chuvias intensas, así as 15:50 horas alcanzouse un valor de 96,6 l/m<sup>2</sup>, que puidese xustificar o exceso de auga nos colectores, non parece razoábel que catro horas máis tarde o problema non estivese solucionado, polo que a informante conclúe que a responsabilidade dos danos correspóndelle á concesionaria, por un defecto de mantemento da rede de sumidoiros.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alberto Viejo Puga, en nome e representación de Patatas Rubio, S.L.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 3.850,03 euros, correspondentes ó valor de reparación do seu vehículo”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta que se contén no precedente informe.

**15(920).- RECLAMACIÓN DE Dª. TERESA IGLESIAS DEVESA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 565/243. RESPONSABLE CESPA S.A.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 28.06.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Teresa Iglesias Devesa presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de abril de 2005, polos danos e perdas consecuencia dunha caída acaecida o día 1 de agosto de 2004, camiñando polo paseo da praia de Samil, por mor do mal estado do pavimento.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe da concesionaria Cespa, de data 11/05/2005.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 18/05/2005, sobre o mal estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que o mesmo obriga a pasear con precaución.*
- Práctica de proba testifical, en data 07/07/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Iglesias.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 15 de setembro de 2005, que cuantifica os mesmos en 1.918, 93 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 30/09/2005.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 24/05/2006, no que indican que as reposicións e/ou valados de zonas deterioradas corresponde á empresa concesionaria Cespa.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 07/06/2006.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*



Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dunha empresa contratista, dado que o dano se produce no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por un contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESP, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

Da proba testifical practicada durante a instrución do expediente dedúcese que a causa eficiente dos danos sufridos pola Sra. Iglesias foi a existencia dunhas lousetas en mal estado sen sinalizar no paseo marítimo de Samil. No entanto, segundo se aprecia nas fotografías do desperfecto que constan no expediente a zona en mal estado era perfectamente visíbel a distancia, a propia filla da reclamante, na súa declaración testemuñal manifesta, ó ser preguntada polo instrutor sobre se había algún defecto na rúa e a que distancia podía apreciarse manifesta que “el socavón, podía verse a unos cien metros”. Dato corroborado polo informe do Servizo de Vías e Obras, de data 12 de maio de 2005, que establece que o mal estado xeralizado da zona obriga a pasear con precaución, e é regra xeral esixir ós viandantes circular con dilixencia como concreción da regra do control da propia deambulación. Se ademais temos en conta que a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa de mediana idade, carente de defectos físicos que lle impidisen detectar a existencia do mencionado obstáculo, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, polo que procede apreciar unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a mercantil CESP, responsábel do mantemento da zona.

O punto 4.2.2 do Prego de Condicións Técnicas do contrato de conservación e reposición de zonas verdes sinala que “o adxudicatario quedará obrigado a proceder a reparación ou substitución e mantemento propio de todos os elementos incluídos dentro do perímetro da zona verde adxudicada e non considerados como vexetais, que por calquera circunstancia, ben sexa polo propio uso dos mesmos ou como consecuencia de actos vandálicos, sufran un grao de deterioro que faga aconsellable a súa reposición ..... Para a execución destas labores, o adxudicatario procederá á reparación inmediata dos elementos. No caso de que o elemento correspondente resulte inservíbel o adxudicatario procederá ó seu inmediato valado e previa a consulta cos servizos técnicos municipais poderase proceder a súa retirada, entrega en dependencias municipais e posterior substitución polo elemento novo correspondente facilitado polo Concello ”. Así mesmo, no cadro de prezos do contrato aparece reflectido o prezo que se aboa a Cespa por hectárea e ano polo mantemento dos aparcamentos, paseo marítimo, piñeirais con área e viais en zona de Samil.

Nestes termos, a falta de acreditación de que os desperfectos no paseo se tivesen producido cunha antelación mínima tal que impidise materialmente á empresa responsábel do mantemento proceder ó valado da fochanca e avisar o Concello para que procedese ou ben á reparación da mesma ou ben a facilitarlle os materiais precisos para reparar o desperfeito, permite concluír que existe vinculación causal entre o dano e o

deficiente funcionamento do servizo, o que determina a responsabilidade patrimonial e o conseqüente deber indemnizatorio de Cespa polos danos causados.

O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes “o adxudicatario está obrigado a responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á Administración municipal coma a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración, consonte o previsto no artigo 161.c do RD Lexislativo 2/2000.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Teresa Iglesias Devesa.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a a Cespa S.A., empresa adxudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161. c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño e no punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes, debendo dita empresa indemnizar á reclamante na cuantía de 959,46 euros.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(921).- RESTRUCTURACIÓN DA ÁREA DE MOBILIDADE, SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES. EXPTE. 16539/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 3.07.06, conformado pola Excma. Alcaldesa, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1. En instrucción do servizo de data 29 de xuño do 2006 a Sra. Alcaldesa-Presidenta ordenou á Unidade de Persoal a realización daqueles trámites administrativos necesarios para proceder á reestructuración da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Transportes no senso que na propia instrucción se indica:

- Transformación do posto de traballo “Director dos Servizos Técnicos da Xerencia”, código 400.01 (posto de traballo propio do Concello adscrito á Xerencia Municipal de Urbanismo, actualmente vacante na Relación de Postos de Traballo municipal dende a xubilación do seu titular) en posto de “Xefe do Servizo de Extinción de Incendios”, readscribindo o mesmo ao Servizo de Extinción de Incendios.
- Modificación dos requisitos de titulación esixidos para o desempeño do posto de “Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade”, código 210.01, a efectos de que poida ser desempeñado por un técnico de administración xeral ou especial pertencente ao grupo A de titulación.

- Transformación do posto de traballo “enxeñeiro industrial” adscrito ao Servizo de Mobilidade e Seguridade, código 210.05, en “técnico medio de Mobilidade e Seguridade”, encadrado na escala de administración especial, coa finalidade de que poida ser ocupado por un enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico pertencente ao grupo B de titulación.

Segundo o teor literal da mesma, tal reestructuración levará aparelados o cese do actual titular da Xefatura da Área de Mobilidade e Seguridade, D. Juan Comesaña Alén, adscribíndoo provisionalmente ao posto de “Xefe do Servizo de extinción de Incendios”. Á Xefatura da Área que queda vacante adscribirase provisionalmente á funcionaria D<sup>a</sup> Carmen Pintado García, xefa do Servizo de Mobilidade e Seguridade, e conseguintemente á dita xefatura de servizo haberá de adscribirse ao funcionario D. Ramón Fernández-Linares Bouza.

2. Solicitado informe ao Técnico de Organización e Métodos, en data 30/06/2006 éste informou en relación á situación dos postos de traballo na vixente RPT e á posibilidade da súa transformación, como así consta no expediente, lembrándose no mesmo que o funcionario D. Juan Comesaña Alén foi nomeado xefe do Servizo de Extinción de Incendios por acordo plenario de data 30/06/1978.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal dacordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

II. Tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación da RPT reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985.

Asemade, a competencia residual en materia de persoal residenciada na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i)- implica que a Administración Local poida proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marexe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.

A publicación da RPT e das súas modificacións ou correccións haberá de ser necesariamente publicada (artigo 16 Lei 30/1984) nos diarios ou boletíns oficiais que correspondan.

III. Visto o informe da Oficina de Organización e Métodos, por parte desta Unidade de Persoal se estima necesario realizar as seguintes matizacións:

- O posto de traballo de “Director dos Servizos Técnicos da Xerencia”, código 400.01 é un posto propio do Concello, recollido na RPT municipal dentro do Servizo 400.- Xefatura da Xerencia Municipal de Urbanismo.

A denominación do mesmo era a de “Xefe do Sector de Urbanismo”, e tras a creación da Xerencia Municipal de Urbanismo no ano 1996 se converteu en ”Director dos Servizos Técnicos da Xerencia”. Na data de hoxe, e dende o mes de outubro do 2005, o mesmo se atopa vacante por xubilación do seu titular, non parecendo a súa cobertura necesaria, toda vez que o organismo autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo” creou na súa RPT propia o posto de traballo denominado “adxunto ao Director dos Servizos Técnicos da Xerencia”, ao cal se atopa provisionalmente adscrito un enxeñeiro técnico de obras públicas. Asemade, parece claro que se trata dun posto de traballo que funcionalmente ten sido absorbido pola figura do Xerente de Urbanismo, de conformidade coas competencias que os Estatutos da Xerencia –na actualidade non adaptados ás modificacións competenciais e orgánicas operadas pola Lei 57/2003, de 16 de decembro- lle outorgan.

Consecuentemente, non se observan impedimentos para dispoñer a transformación do devandito posto – establecendo o seu desempeño por un funcionario de grupo A ou B, escala de administración especial, subescala técnica media, xunto coas retribucións inherentes ao mesmo e dentro dos límites legais establecidos en canto ao complemento de destino, atendendo á consignación presupostaria existentes- no de “Xefe do Servizo de Extinción de Incendios”, que haberá de ser incardinado dentro do Servizo 213- Extinción de Incendios.

Ao sinalado posto podería ser adscrito o funcionario D. Juan Comesaña Alén en aplicación do establecido no artigo 50.5 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís ao servizo da Administración Xeral do Estado, de aplicación supletoria ao persoal ó servizo da Administración Local, onde se consigna que aos funcionarios removidos dun posto de traballo atribuiráselles o desempeño provisional dun posto correspondente ao seu corpo ou escala, no mesmo municipio, non inferior en máis de dous niveis ao do seu grao persoal, en tanto non obteñan outro con carácter definitivo, con efectos do día seguinte ao da data do cese e dacordo co procedemento establecido.

- Subseguintemente, do posto de traballo de Xefe da Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes disgrégase funcional e competencialmente a xefatura do Servizo de Extinción de Incendios, polas obvias razóns recollidas no punto anterior.

- A xefatura do Servizo de Mobilidade e Seguridade (posto identificado co código 210.01) podería ser desempeñada tanto por un técnico de administración xeral como por un técnico de administración especial, calquera deles pertencente ao grupo A de titulación, tendo en conta que non resulta imprescindible que a dita xefatura sexa ocupada por un técnico de administración xeral, ao existir na vixente RPT outro posto de técnico de administración xeral no Servizo de Mobilidade e Seguridade.

A modificación necesaria sería unicamente a dos requisitos de titulación esixidos, así como o da escala, subescala e clase nas que se poida atopar encadrado o posto.

-En canto á transformación do posto de “enxeñeiro industrial” adscrito ao Servizo de Mobilidade e Seguridade (código 210.05) en “técnico medio de Mobilidade e Seguridade”, concorre un suposto similar ao recollido no apartado anterior, a efectos de ser ocupado por un enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico

*pertencente ao grupo B de titulación, encadrado na escala de administración especial, subescala técnica media.*

*As referidas transformacións non parecen implicar alteración do cadro de persoal presupostario aprobado polo Pleno do Concello en data 28/02/2005 (publicado no BOP nº 108, do martes 7 de xuño de 2005, xunto coa RPT) xa que os postos de traballo implicados teñen a condición de postos existentes na vixente RPT e contan coa correspondente dotación presupostaria plenariamente aprobada; nembargantes, nos próximos presupostos haberán de recollese as modificacións operadas para a súa inclusión no cadro de persoal.*

*Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outra disposición de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión do mesmos.*

*V. Vistas as consideracións e informes expostos, e en estricto cumprimento da instrucción do servizo dictada pola Alcaldía en data 30/06/2006, elévase ao criterio da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

PRIMEIRO.- Proceder á reestructuración da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Transportes conforme á instrucción do servizo dictada pola Alcaldía en data 30/06/2006, modificando en consecuencia a vixente Relación de Postos de Traballo, aprobada por Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/05/2005 (BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005) no senso seguidamente indicado:

- Transformación do posto de traballo “Director dos Servizos Técnicos da Xerencia”, código de servizo 7.1, código de posto 400.01 (posto de traballo propio do Concello adscrito ao organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo”, actualmente vacante na RPT municipal dende a xubilación do seu titular) no posto de “Xefe do Servizo de Extinción de Incendios”, co mesmo código retributivo, dentro dos grupos A/B de titulación, con CD 26, CE 63, escala administración especial, subescala técnica, código 1 da RPT vixente, readscribindo o mesmo ao Servizo 213-Extinción de Incendios.
- Modificación dos requisitos de titulación esixidos para o desempeño do posto de “Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade”, código de posto 210.01, podendo ser ocupado por un técnico de administración xeral ou especial pertencente ao grupo A de titulación (código 1 de titulación).

- Transformación do posto de traballo “enxeñeiro industrial” adscrito ao Servizo de Mobilidade e Seguridade, código 210.05, en “técnico medio de mobilidade e seguridade”, encadrado no grupo B de titulación, escala de administración especial, subescala técnica media, para a súa cobertura por titulados medios en enxeñería técnica ou arquitectura técnica (códigos de titulación 42, 43, 53, 54 e 56 da RPT vixente).

SEGUNDO.- Dispoñer o cese do actual titular da Xefatura da Área de Mobilidade e Seguridade, D. Juan Comesaña Alén, núm. persoal 8214, adscribíndoo provisionalmente ao referenciado posto de “Xefe do Servizo de extinción de Incendios”, con efectos dende o día seguinte ao da data do cese consonte ao establecido no artigo 50.5 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso”.

TERCEIRO.- Adscribir provisionalmente á Xefatura da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Transportes á funcionaria D<sup>a</sup> Carmen Pintado García, núm. persoal 15148, na actualidade xefa do Servizo de Mobilidade e Seguridade, cesándoa en consecuencia na referida xefatura de servizo, tamén con efectos dende o día seguinte ao do cese.

CUARTO.- Adscribir provisionalmente ao funcionario D. Ramón Fernández-Linares Bouza, núm. persoal 78523, ao posto de Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, cesándoo no posto de enxeñeiro industrial do Servizo de Mobilidade e Seguridade que na actualidade ocupa, con efectos dende o día seguinte ao do cese.

QUINTO.- Dispoñer que para a elaboración dos presupostos municipais para o vindeiro exercicio económico se recollan as transformacións efectuadas, coa finalidade da súa inclusión no cadro de persoal.

SEXTO.- Ordenar a publicación da modificación da vixente RPT efectuada segundo o disposto no artigo 16 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma de Función Pública.

SÉPTIMO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, concelleiros-delegados e xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Intervención Xeral, Réxime Interior, Unidade de Persoal e Organización e Métodos aos efectos oportunos.

OITAVO.-Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte tamén ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

**17(922).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE DOUS OFICIAIS CONDUCTORES ADSCRITOS Á ALCALDÍA, PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2006. EXPTE. 16522/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 4.07.06, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 21.06.06, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e pola Excm. Alcaldesa, que di o seguinte:

*Antecedentes.-*

*Dentro do persoal dependente da Alcaldía, figuran dous postos de conductor da Alcaldía, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas.*

*Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para facerse acreedores do complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da Alcaldía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.*

*A xefa do Gabinete da Alcaldía, a través de escrito de data 3 de abril de 2006, solicita se lles aboe un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base j) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Comisión de Goberno en función das horas traballadas.*

*Fundamentos de dereito:*

*De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Corresponde á Alcaldesa Presidenta da Corporación a distribución do complemento de produtividade entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/85, de 2 de abril.*

*Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local, excepto para os funcionarios dos grupos A e B, que foi expresamente delegada no Pleno do Concello tal e coma se especifica nas Bases de execución do Orzamento (Base 14).*

*A este respecto, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de maio de 2005, en concreto a citada instrución 3ª j), establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servicios como Conductor da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Comisión municipal de Goberno e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación.*

*O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.*

*A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.*

*En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.*

*Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 4,63 € hora normal e de 8,26 € hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:*

- *D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.672,99€.*
- *D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, por un importe total de 954,79€.*

*Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte proposta:*

*“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril:*

- *D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 1.672,99€.*



- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 954,79€.

*Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(923).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL DE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS, CORRESPONDENTES OS MESES DE ABRIL E MAIO DE 2006. EXPTE. 16536/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 04.07.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da técnica de Recursos Humanos, do 5.07.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 2751.29 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Seguridade e mobilidade, benestar social, educacion, museos, participacion cidadá, normalizacion lingüística e servizo de vias e obras, con cargo a clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
3130	Benestar Social	61.18
4220	Educación	404.51
2220	Seguridade e mobilidade	676.78
4513	Cultura-Museo Castrelos	68.40
4631	Participacion Cidadá	35.72
4633	Normalizacion Lingüística	98.80
5110	Vias e obras	1369.90
6110	Inspección Tributos	4.968,50
	<b>TOTAL</b>	<b>2715.29</b>

#### **19(924).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE AOS MESES DE DECEMBRO-2005 E ABRIL-2006 (CON HORAS DE AGOSTO, SETEMBRO E NOVIEMBRE DE 2005) EXPTE. 16467/220.**

**20.- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE AOS MESES DE XANEIRO E MAIO DE 2006 (CON HORAS DE DECEMBRO 2005) EXPTE. 16510/220.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, visto o informe de Intervención Xeral do 6.07.06 e de acordo co informe-proposta conxunto para ambos expedientes, emitido pola da xefa da Unidade de Persoal, do 30.06.06, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes os meses de DECEMBRO-2005 e ABRIL-2006 (inclue horas de agosto, setembro e novembro de 2005- expte. 16467/220)e XANEIRO e MAIO-2006 (inclue horas de decembro de 2005-Expte. 16510/220), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servicios que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan no expediente e que comezan unha por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 797 horas e outra por don Francisco Abreu Torres e remata por don Manuel Domínguez Villar, por un total de 661 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don José Luis Vidal Alvarez, por un total e 573 horas unha e outra por un total de 458 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan no expediente e que comeza unha por don César Alonso Couñago e rematan por don José Manuel Vieitez Vieitez, por un total de 1.381'15 horas e outra por don Iván Abalde Casanova e remata por don Francisco José Vila Campos, por un total de 1.769'30 horas .
- Parque Móbil, relación que se achega e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 619'15 horas unha e outra por un total de 636'45 horas.
- Parque Central, relación que se achega no expediente e que comeza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 70 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 173 horas unha e 74 horas outra.

- Inspección Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Benito Barciela Simón e remata por don Benigno Salgueiro Piñeiro, por un total de 80 horas unha e 142 horas outra.
- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por don A. Avelino Pardellas Aviión e remata por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 79 horas unha e 97 horas outra.
- Conserjería, relación que se achega no expediente e que comeza por dona M<sup>a</sup> Teresa Vaqueiro Herbello e remata por don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 62'30 horas unha e 18 horas outra.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 170 horas unha e 178'30 horas outra.
- Museo, relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Castro Naveira e rematan por don José Manuel Ogando López, por un total de 38 horas 30 minutos.
- Oficina Supervisora de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Ramón Vázquez Rial e rematan por don Angel Ferro Macho, por un total de 398 horas unha e 80 horas outra.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 65.966 € con 13 céntimos (SESENTA E CINCO MIL NOVECIENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON TRECE CÉNTIMOS CÉNTIMOS).

**21(925).- PRODUCTIVIDADE DO FUNCIONARIO D. FRANCISCO MARTÍNEZ MUÑOZ, OFICIAL CONSERXE. EXPTE. 16537/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 6.07.06, dáse conta do informe-proposta da técnica de recursos humanos, do 3.07.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e pola Excma. Alcaldesa, que di o seguinte:

*Antecedentes.-*

*Dentro do persoal dependente do Servizo de Conserjería, figuran dous postos de oficial conserxe e a xefa de subalternos, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, tal e coma se recolle na Instrucción 3<sup>a</sup>, ap. m) sobre Cadro de Persoal e relación de postos de traballo vixentes, BOP, de 7 de xuño de 2005.*

*Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para facerse acreedores do complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da Alcaldía, para dar cobertura a numerosos actos e recepcións programados na Casa do Concello, no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.*

*A xefa do Gabinete da Alcaldía, a través de escrito de data 20 de abril de 2006, solicita se lle aboe un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base m) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Comisión de Goberno en función das horas traballadas.*

*De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Corresponde á Alcaldesa Presidenta da Corporación a distribución do complemento de produtividade entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/85, de 2 de abril.*

*Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local, excepto para os funcionarios dos grupos A e B, que foi expresamente delegada no Pleno do Concello tal e coma se especifica nas Bases de execución do Orzamento (Base 14).*

*A este respecto, as vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de maio de 2005, en concreto a citada instrucción 3ª m), establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria o persoal adscrito á Conserxería Municipal polas labores, a dispoñibilidade horaria das cales sexa requerida expresamente pola Alcaldía-Presidentencia, paraa recompensa-lo especial rendemento e dedicación esixible ó referido persoal, e que colabora cos departamentos de Cultura, Animación Sociocultural e Relacións Públicas dando cobertura e apoio ós actos e recepcións programados na Casa do Concello, celebrados dun xeito extraordinario fora da xornada ordinaria en sábados, domingos e festivos, establécese un complemento de produtividade, con devengo trimestral, en función das horas traballadas, supeditado en todo caso ó informe dos responsables dos referidos servizos, acreditativo do rendemento e dedicación dos traballadores propostos e que fosen autorizados expresamente pola Alcaldía-Presidentencia antes da súa realización, sendo a Xunta de Goberno Local a que establecerá a contía e regulación pormenorizada da asignación da produtividade.*

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 6,21 € no caso dos oficiais conserxes, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

- D. Francisco Martínez Muñoz, núm. persoal 5575, oficial conserxe, por un importe total de 624.11 € pola realización de 100h 30m

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte proposta:

“Aboar ó funcionario D Francisco Martínez Muñoz, núm. persoal 5575, oficial conserxe, adscrito a Conserxería Municipal, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, a cantidade de 624.11 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(926).- APROBACIÓN TÉCNICA DO MODIFICADO DE SANEAMENTO NO RURAL DE VIGO- PARROQUIA DE ZAMÁNS. EXPTE. 198/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 18.05.06, que di o seguinte:

*O modificado do PROXECTO DE SANEAMENTO DO RURAL DE VIGO – PARROQUIA DE ZAMANS, foi redactado polo Consultig e Enxeñería Int, “S.A. CIISA” , e suscrito polo Enxeñeiro D. Patricio Aguilar Cavanillas, en abril de 2006*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias de dotación de saneamento no rural de Vigo – parroquia de Zamans.*

*O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 429.496,09 € (CATROCENTOS VINTENOVE MIL CATROCENTOS NOVENA E SEIS EUROS CON NOVE CENTIMOS)*

*O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:*

*Aprobar tecnicamente o modificado do PROXECTO DO DE SANEAMENTO NO RURAL DE VIGO –PARROQUIA DE ZAMANS, cun orzamento adicional líquido de 429.496,09 € (CATROCENTOS VINTENOVE MIL CATROCENTOS NOVENA E SEIS EUROS CON NOVE CENTIMOS).*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(927).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE “REPARACIÓN XERAL DE BEIRARRÚAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO”. EXPTE. 49109/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 25.05.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área, o xefe do Servizo de Vías e Obras e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de “reparación xeral de beirarrúas do termo municipal de Vigo” redactado polo técnico municipal D. Jorge Muñoz Rama, que contén memoria, planos, cadro de prezos e prego de prescricións técnicas.

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do “Proxecto de reparación xeral de beirarrúas do termo municipal de Vigo”.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do “Proxecto de reparación xeral de beirarrúas do termo municipal de Vigo” con cargo á partida 511.0.210.00.00 do presuposto deo 2006 e por un importe máximo de 180.000,00 €.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **24(928).- ATRASOS DERIVADOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO VIXENTE “ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS DOS TRABALLADORES AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 16547/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable emitido por Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 5.07.06, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar, ao abeiro do acordo adoptado polo Pleno do Concello en data 31 de marzo do 2006 (BOP nº 106 de 5 de xuño de 2006) o aboamento dos atrasos devengados dende o 1 de xaneiro de 2005 en canto aos importes da hora nocturna e hora festiva previstos nos parágrafos 6 e 9 do artigo 10 do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, cunha contía fixada en 2,50 euros nas horas de xornada nocturna a realizar entre as 22.00h e as 7.00h, e en 3,70 euros nas horas realizadas en sábados e días festivos, denominándose tales conceptos como “gratificacións”.

2º.- Ordenar o aboamento efectivo dos importes referenciados consonte aos cálculos efectuados polos diferentes servizos municipais e remitidos á Unidade de Persoal para súa comprobación, sendo os que seguidamente se relacionan:

SERVIZOS	CANTIDADE ABOAR
ALCALDÍA	1.290'25 €
EXTINCIÓN DE INCENDIOS	207.276'65 €
CEMITERIOS	9.321'26 €
CONSERXERÍA	370'91 €
DESINFECCIÓN	6.304'06 €
ELECTROMECAÑICOS	2.519'94 €
IMD	710'95 €
LIMPEZA	6.303'91 €
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	11.933'53 €
MUSEO	1.008'84 €
PARQUE CENTRAL	8.171'45 €
PARQUE MÓBIL	14.018'26 €
POLICIA LOCAL	52.832'41 €
RELACIÓNS PÚBLICAS	99'47 €
VIAS E OBRAS	892'40 €
IMPORTE TOTAL	323.054'29 €

3º.- Dar conta do presente acordo á Intervención Xeral e servizos afectados aos efectos oportunos.

4º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**25(929).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO DE AXUDA AO SOSTEMENTO DA SÚA LABOR E DO SOSTEMENTO DA CORAL CASABLANCA. EXPTE. 2951/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.



Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.03.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 8.03.06, conformado pola Excma. Alcaldesa e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo que de seguido se transcribe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO DE AXUDA Á SÚA LABOR Á CIDADANÍA DESTA CIDADE A TRAVÉS DE ACTOS PÚBLICOS E DE SOSTEMENTO DA CORAL CASABLANCA*

*En Vigo, a de de dous mil seis.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, a Ilma. Sra. D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, alcaldesa-presidenta do Concello de Vigo.*

*Doutra parte, D. Cándido Rial Covelo, con NIF. 35.965.766 E, presidente do Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo (CIF. G-36614097), sito na rúa Príncipe número 44 de Vigo.*

*EXPOÑEN*

*O Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, Institución fundada no ano 1891, e que realiza unha labor que chega directamente a 22.000 asociados, ven desenvolvendo ó longo dos anos un intenso esforzo no eido cultural, deportivo e lúdico que se estende a tódolos cidadáns e cidadás de Vigo a través de actos públicos, institucionais e aberto, que contribúe, ademais, á proxección da imaxe exterior da cidade.*

*Por este e outros motivos, concedéuselle a Medalla de Ouro da Cidade, a Placa Nacional ó Mérito Deportivo, así como outras distincións de recoñecido prestixio.*

*Esta especial incidencia pública na vida da cidade e a continuidade das actividades descritas, aconsellan a ámbalas dúas institucións, Concello de Vigo e Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, á sinatura dun convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes*

*CLÁUSULAS*

Primeira.- Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento da programación das actividades desenvolvidas polo Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, obxecto de colaboración por parte do Concello de Vigo como Institución, a través de actos de carácter público e institucional, que, ademais, contribúen á proxección exterior da cidade (revista “El Mercantil”, biblioteca, organización de exposicións, cursos literarios, conferencias, concertos institucionais da Coral Casablanca, etc.)

Segunda.- As actividades sinaladas na cláusula anterior desenvolveranse, unha vez firmado o presente convenio, ó longo do ano 2006.

Terceira.- O Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo obrígase ó desenvolvemento das seguintes actividades:

- Cumprir o programa de actividades detalladas neste convenio.
- Edición de catro números da revista “El Mercantil”, nos que reservarase unha páxina completa en cada número para inserción da información institucional que Alcaldía considere oportuna. A revista cubrirá o desenvolvemento da programación realizada polo Concello de Vigo, particularmente a de carácter cultural e deportivo.
- Programación de tres concertos especiais da Coral Casablanca con orquestra, O Memorial Lírico Camilo Veiga, o de Nadal, e o terceiro a convir a data entre o Concello e o Círculo Mercantil.
- O Círculo Mercantil facilitará o acceso público ós fondos da biblioteca para a realización de traballos de investigación e estudo, ata a data de remate deste convenio.
- O Círculo Mercantil atenderá as solicitudes para realizar as exposicións que lle remita o Departamento de Cultura do Concello, co obxecto de estudar a posibilidade de encadralas dentro da súa dinámica cultural, para o que facilitará unha sala de exposicións.
- O Círculo Mercantil facilitará ó Concello entradas para os concertos programados cando non se realicen en dependencias municipais. No Concerto de Nadal establécese unha reserva de 100 localidades a favor do Concello.
- O Círculo Mercantil aboará os gastos derivados do desenvolvendo dos concertos.
- Na publicidade que se realice para a difusión dos actos deste programa, o Círculo Mercantil dará o mesmo tratamento en espazo ós anagramas do Concello que ós seus propios. No caso de participación doutras entidades, o Círculo Mercantil acordará co Concello a fórmula de presenza dos anagramas.
- O Círculo Mercantil presentará á Concellería de Cultura do Concello a memoria definitiva do programa de actividades obxecto deste convenio entre os días 15 e 27 de decembro de 2005, onde figurarán, como mínimo, os datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e o balance económico de gastos e ingresos.
- O Círculo Mercantil deberá obter tódolos permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades descritas neste convenio.

Cuarta.- O Concello de Vigo aportará a este convenio de colaboración á cantidade de 18.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.02, “Convenios”, do prosuposto en vigor, de axuda para cubrir as actividades descritas. O pagamento desta cantidade realizarase mediante transferencia bancaria á conta número 2080.0000.75.0040004497 de CAIXANOVA, oficina principal.

*Quinta.- O pagamento expresado na cláusula anterior farase en dúas partes. A primeira, de 9.000 euros, realizarase trala firma deste convenio. A segunda, dos 9.000 euros restantes, contra a presentación da memoria de avaliación da totalidade da programación expresada na cláusula terceira deste convenio de colaboración, presentada antes do día 27 de decembro do ano 2005, una vez rematado o “Concerto de Nadal”.*

*Sexta.- Coa documentación detallada na cláusula anterior deberase xuntar a oportuna certificación de cumprimento, que deberá ser asinada por un técnico designado pola Alcaldía, que efectuará, así mesmo, o control do desenvolvemento do convenio.*

*Séptima.- O círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo será o beneficiario dos ingresos que se obteñan nos concertos ós que se fai referencia na cláusula terceira.*

*Oitava.- O Concello de Vigo queda facultado para solucionar-las controversias derivadas da interpretación, aplicación e execución deste convenio, así como para toma-las iniciativas que conduzan ó seu cumprimento.*

*Novena.- A vixencia deste convenio de colaboración rematará o día 31 de decembro de 2006.*

*En proba de todo o acordado, asínase este convenio de colaboración por duplicado exemplar no lugar e data indicados.*

**26(930).- SUBVENCIÓN AO MOVIMENTO ACCIÓN CATÓLICA GENERAL DE ADULTOS DE AXUDA PARA A ORGANIZACIÓN DAS SÚAS ACTIVIDADES SOCIAIS E DE FUNCIONAMENTO DA PROPIA ASOCIACIÓN PARA O ANO 2006. EXPTE. 3074/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 24.04.06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, e o informe de Intervención Xeral do 2.07.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder ó “Movimiento Acción Católica General de Adultos” unha subvención por unha contía de 4.000 € en concepto de axuda para a organización das súas actividades sociais e de funcionamento da propia asociación para o ano 2006, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias, e sociais) do presuposto prorrogado en vigor ou no seu defecto con cargo á bolsa xurídica de vinculación”.

**27(931).- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN BALMS PARA LA INFANCIA PARA GASTOS DA ORGANIZACIÓN. EXPTE. 3109/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 8.05.06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal e co intervido e conforme do interventor xeral

Conceder á Fundación Balms para la Infancia, unha subvención por un importe de 4.000 euros, con cargo á partida 111.0.489.00.03 do orzamento prorrogado vixente, e isto con destino a gastos de organización, persoal docente, e material da Casa de la Infancia Imago-Balms da Fundación Balms, para nenos de idades comprendidas entre os 2 e os 13 anos.

**28(932).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA DAS “FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2006”. EXPTE. 1925/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación do 7.07.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar á empresa Producción e Xestión Cultural S.L. o procedemento negociado da produción integral dos espectáculos e actividades do programa das “Festas do Cristo da Victoria 2006” por un importe de 204.000 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 29.06.06 e a oferta presentada.

**29(933).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.